

PROXECTO de DIFUSIÓN DO DEREITO AO HÁBITAT

e as súas dimensións transculturais e de xénero na comunidade educativa.

A Coruña, Galicia. 2015-2016



O obxectivo do proxecto é formar e sensibilizar sobre o Dereito ao Hábitat na universidade e nos centros escolares. Nesta ocasión, colaboramos cunha asociación de escritura, Tinta Bacanal, que nos deu soporte en todas aquelas actividades creativas e na elaboración de material didáctico.

A proposta nace dunha análise sobre a situación educativa froito da experiencia traballando neste eido nos últimos anos. Constatamos a escasa formación específica sobre hábitat no contexto universitario galego e un descoñecemento sobre o dereito ao hábitat nos colexios e institutos da área metropolitana de A Coruña.

Para contribuír a solucionar este problema formulamos numerosas actividades unificadas a través de dous eixes transversais fundamentais: a interculturalidade e o xénero.

- 3ª edición do **curso en liña Hábitat a Escala Humana**.
- 4ª edición do **Seminario Hábitat a Escala Humana. Toma Parte!** Durante tres sesións de conferencias reflexionamos sobre o fenómeno da participación cidadá desde a teoría e a práctica no rural e no urbano.
- **Gravación e publicación de podcast Habitando**, de periodicidade mensual, no que debatimos sobre temas relacionados co hábitat.
- **Antoloxía Catro Paredes**. Concurso de relato breve baixo o fío condutor do hábitat celebrado na Universidade da Coruña.
- **Publicación de Cidadanía invisible**. É un libro que recompila as historias de vida das persoas coas que habitualmente traballamos en ASF: os asentamentos chabolistas da Coruña e as comunidades rurais de Retalhuleu, Guatemala.
- Celebración da **semana do Hábitat 2016**.
- **Diagnóstico participativo nos centros escolares** para evidenciar a situación actual do coñecemento do dereito ao hábitat na educación secundaria.
- **Obradoiro de escritura creativa Nós Contamos** coa infancia dos asentamentos chabolistas da Coruña.

Nome do proxecto:

Proxecto de difusión do dereito ao hábitat e as súas dimensións transculturais e de xénero a través da sensibilización e a educación non formal na comunidade educativa da Área Metropolitana A Coruña.

Lugar: Galicia, España.

Data de execución: 2015-2016

Financiador: Xunta de Galicia.

Orzamento: 42.512,00 €

Demarcación responsable: Arquitectura Sin Fronteras, Galicia.

Colaboradores: Tinta Bacanal.

